



NUMAX PRESENTA:

66 | XUÑO 2023



Librería

Participamos na Selic!

Ven a vernos á Praza da Quintana!

Do **9 ao 18 de xuño** estaremos na Praza da Quintana participando na **Semana do Libro** de Santiago de Compostela. Aquí vos deixamos unha selección de libros que poderedes atopar no noso posto!

SÁBADO 10 DE XUÑO ÁS 19.00H
PRAZA DA QUINTANA

Anne Carson
sen Anne Carson

Participan **Jesús Castro Yáñez,**
Oriana Méndez e Carlos Catena.



Ferias y atracciones
Juan Eduardo Cirlot
WUNDERKAMMER
21.90 EUROS



A antropoloxía da auga
Anne Carson
CHAN DA PÓLVORA
19 EUROS



Zami. Una nueva forma de escribir mi nombre
Audre Lorde
CAPITÁN SWING
23 EUROS



Somewhere from Here to Heaven
Bruce Baillie
LA FABRICA
33 EUROS



Os eucaliptos levan o lume dentro
Ángel Suanzes
NÈSPERA EDITORA
14 EUROS



El malestar de las ciudades
Jorge Dioni López
ARPA
19,90 EUROS




VENRES 2 DE XUÑO ÁS 20:30H
Presentación de **Yeguas exhaustas** coa súa autora, **Bibiana Collado**, acompañada por **Ismael Ramos.**



El vestido blanco
Nathalie Léger
SEXTO PISO
14,90 EUROS




A parte fácil
Ismael Ramos
XERAIS
17,50 EUROS




¡Abajo las armas! ¿Dónde está el pacifismo?
VVAA
ALVARELLOS
22,50 EUROS



MÉRCORES 28 DE XUÑO ÁS 20:30H
Presentación de **Xeración de Victoriano Taibo 2022**, de **Javier Rodríguez González.**



Subida al cielo
Lúa Ribeira
DALPINE PHOTOGRAPHY BOOKS
52 EUROS



El arte de la domesticación de los frutales. Una historia cultural de los huertos
Bernd Brunner
LIBROS DEL JATA
31.20 EUROS



Nos días encantados de agosto. Unha biografía de José Gil
Manolo González
GALAXIA
26 EUROS



El libro vacío / Los años falsos
Josefina Vicens
TRÁNSITO EDITORIAL
22,90 EUROS



A bruxa divertida
Ricardo Alcántara & Gusti
KALANDRAKA
11 EUROS

Veladas Analóxicas

02

Selvas,
xardíns e
labirintos



Librería NUMAX
Venres 16 de xuño
ás 20h30

Eduard
Velasco +
Xuan
Bello

NUMAX 

SUSANA DE
SOUSA DIAS
& ANSGAR
SCHAEFER

A cor das
palabras
2023

—
Encontros
con cineastas

Abrir a(s) historia(s).
O proceso de
realización de
'Viagem ao sol'



Domingo 4 de xuño ás 11:30

—
Cinema NUMAX

—
Entrada gratuita até completar aforo.
reservas en acordaspalabras@santiaodecompostela.gal


CONCELLO DE
SANTIAGO



Cinema



Filme do mes:

ASTEROID CITY ESTREA 16 XUÑ

Wes Anderson, 105', ING, VOSE, +16

Con Scarlett Johansson, Tom Hanks

En 1955, alumnado, nais e pais de todo o país reúnense para un concurso escolar dedicado á observación de fenómenos astronómicos nunha cidade ficticia do deserto chamada Asteroid City. A convención verase interrompida por eventos que cambian o mundo. Wes Anderson ofrece un novo goce para os sentidos nun filme gravado na localidade madrileña de Chinchón cun estelar elenco que inclúe a Margot Robbie, Tilda Swinton, Adrien Brody, Willem Dafoe ou Steve Carell entre outros.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2023**

16 XUÑ | 19:30
Coloquio con Elia Robles
Castrillo, encargada de
atrezzo da película





TOURO SALVAXE ESTREA 2 XUÑ

Martin Scorsese, 128', ING, VOSE, +12

Con Robert De Niro, Joe Pesci

De Niro interpreta a Jake La Motta, un boxeador cuxas complexidades psicolóxicas e sexuais desembocan en violencia tanto dentro como fóra do cuadrilátero. Fabulosa restauración en 4K dun dos cumios de Martin Scorsese e gran clásico do cinema de boxeo.

🏆 **Mellor Actor e Montaxe Oscar 1980**
Mellor Actor Globos de Ouro 1980



📌 **Coloquios cos autores**
3 e 4 XUÑO

VIAGEM AO SOL ESTREA 2 XUÑ

Susana de Sousa Dias

& Ansgar Schaefer, 109', PT, VOSE

Reflexión sobre a situación das crianzas en situacións de conflito a partir dos testemuños actuais de nenos e nenas austríacas enviadas a Portugal logo da II Guerra Mundial. O filme, de estrea exclusiva en salas españolas, acadada múltiples ecos na Europa actual, onde o espazo para o Outro estase a ver drasticamente reducido

🏆 **Mellor Filme Sevilla Las Nuevas Olas 2022**



O MESTRE XARDIÑEIRO

ESTREA 9 XUÑ

Paul Schrader, 111', ING, VOSE, +12

Con Joel Edgerton, Sigourney Weaver

Narvel Roth está tan dedicado a coidar os xardíns da histórica finca Gracewood Gardens como de compracer a súa xefa, a rica viúva Mrs. Habernhill. Cando o obrigan a tomar como aprendiz a rebelde Maya o caos apodérase da súa ordeada existencia.

🏆 **Sección Oficial Venecia 2022**



LA DESCONOCIDA ESTREA 9 XUÑ

Pablo Maqueda, 91', ESP, VO, +16

Con Laia Manzanares, Manolo Soto

Carolina é unha moza inxenua e encantadora que coñece a Leo a través dun chat. El é un home adulto que se fixo pasar por un mozo de 16 anos e conseguiu quedar con ela nun afastado parque da cidade. A medida que Leo coñece a Carolina empeza a sospeitar que quizais ela non é tan inofensiva como aparenta.

🏆 **Sección Oficial Málaga 2023**



SUZHOU RIVER

ESTREA 23 MAI

Lou Ye, 79', ZH, VOSE, 2000

Con Zhou Xun, Jia Hongsgeng

En Shanghá, ás beiras do caótico río Suzhou, Mardar viaxa por toda a cidade repartindo paquetes na súa motocicleta. Durante unha das súas encargas, coñece a moza Moudan e ambos namoran perigosamente.

🏆 **Berlinale Classics 2022**



📌 Especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero.

HOURIA (LIBERDADE)

ESTREA 30 MAI

Mounia Meddour, 104', AR, VOSE, +12

Con Lyna Khoudri, Rachida Brakni

Houria é unha moza e talentosa bailarina. Para loitar polos seus soños e conseguir algo de diñeiro participa en apostas clandestinas. Pero unha noite, tras gañar unha fortuna, o seu mundo cambia para sempre

🏆 **Panorama Málaga 2023**

Os ollos verdes



SECADEROS PASES ÚNICOS 5 E 12 XUÑ

Rocío Mesa, 98', VO, ESP, +16

Con Vera Centenera Carnero, Ada Mar Lupiáñez

Unha pequena vila rural é o paraíso dunha nena de cidade e a gaiola para unha adolescente local. Dúas historias paralelas que transcorren entre secadeiros de tabaco durante un verán tinguido de realismo máxico.

🏆 **New Directors Donostia 2022**



EL FANTÁSTICO CASO DEL GOLEM ESTREA 23 MAI

Burnin' Percebes & Nando Martínez & Juan González, 95', ESP, VOSE, +12

Con Brays Efe, Bruna Cusi

Tras unha noite de festa, David precipítase bébedo desde unha terraza ante a ollada do seu amigo Juan. O corpo de David impacta contra o capó dun coche desintegrándose en mil anacos. Como ninguén parece escandalizarse, Juan proponse descubrir o que pasou.

🏆 **Sección Oficial Málaga 2022**

Especial Susana de Sousa Dias



📍 Coloquio coa directora
3 XUÑO | 17:00h

NATUREZA MORTA

PASE ÚNICO 3 XUÑ

Susana de Sousa Dias, 72', VOSE, PT, 2005

Empregando só imaxes de arquivo e a música electroacústica de Antonio de Sousa, irmán da directora, o filme describe o réxime do ditador portugués António Salazar, un modelo político que determina o pasado e o futuro en función da ideoloxía e a centralidade da figura do ditador.



📍 Presentación da directora
4 XUÑO | 17:00h


48

PASE ÚNICO 4 XUÑ

Susana de Sousa Dias, 93', VOSE, PT, 2009

Radiografía dos corenta e oito anos de mandato de António de Oliveira Salazar, a ditadura europea máis lonxeva do século XX, a través do relato dalgunhas das súas vítimas e as fotografías das súas fichas policiais. Que revela unha foto sobre un período ditatorial xa clausurado? E sobre a sociedade contemporánea?

Petís NUMAX



UNHA FAMILIA DE SUPERHEROES

17-24-25 XUÑ

Rasmus A. Sivertsen, 76', VE, +5

Nin acrobática nin atlética, Hedvig é seguramente torpe de máis para ser unha superheroína. Para poder seguir os pasos de seu pai, Super Lion, acepta o reto de convencer a súa escéptica contorna do contrario.

🏆 Generation Kplus Berlinale 2023

LUX Audience Award

CLOSE

PASE ÚNICO 1 XUÑ

Lukas Dhont, 105', VOSG, FR, +12

Con Eden Dambrine, Gustav De Waele

🏆 Gran Premio do Xurado Cannes 2022

FOGO FATUO

PASE ÚNICO 8 XUÑ

João Pedro Rodrigues, 67', VOSE, PT, +12

Con Mauro Costa, André Cabral

🏆 Premio do Xurado Sevilla 2022

Kinuyo Tanaka | Retrospectiva completa

CARTA DE AMOR

PASES ÚNICOS 30 MAI E 1 XUÑ

Kinuyo Tanaka, 98', VOSE, XAP, 1953

Con Masayuki Mori, Yoshiko Kuga

Reikichi Mayumi atopa un novo traballo cinco anos despois do remate da Segunda Guerra Mundial. Vai escribir cartas de amor doutras persoas. As súas ideas sobre o amor e os seus principios amorosos poranse a proba cando atopa a súa ex-moza, Michiko.

PEITOS ETERNOS

PASES ÚNICOS 6 E 10 XUÑ

Kinuyo Tanaka, 110', VOSE, XAP, 1955

Con Yumeji Tsukioka, Ryôji Hayama

Fumiko, nai de dous fillos e esposa dun home infiel que amosa unha baixa autoestima, comparte a súa vida familiar coa súa esquecida vocación de poeta. O inicio da súa carreira literaria de éxito coincide co seu divorcio.

A LÚA LEVÁNTASE

PASES ÚNICOS 13 E 15 XUÑ

Kinuyo Tanaka, 102', VOSE, XAP, 1955

Con Chishû Ryû, Shûji Sano

Mokichi é viúvo e pai de tres fillas coas que vive nas instalacións dun templo des- de a guerra. As tres fillas vense envoltas en variadas e complexas relacións. O guiñón do filme é do célebre cineasta Yasujiro Ozu.


A PRINCESA ERRANTE

PASES ÚNICOS 20 E 24 XUÑ

Kinuyo Tanaka, 102', VOSE, XAP, 1960

Con Machiko Kyô, Eiji Funakoshi

Unha moza xaponesa de orixe aristocrática recibe unha proposta de matrimonio por parte do irmán do emperador títere de Manchuria, ocupada por forzas militares nipoas.



A NOITE DAS MULLERES

PASES ÚNICOS 27 E 29 XUÑ

Kinuyo Tanaka, 93', VOSE, XAP, 1961

Con Chisako Hara, Akemi Kita

A finais dos anos 50, a prostitución estaba prohibida en Xapón e se unha muller era descuberta exercéndoa era enviada a un reformatorio. Kuniko é unha destas valentes mulleres que sae do reformatorio e intenta construír unha nova vida.

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

   Síguenos en @numaxcoop




EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica
